



Fernando Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: Resolución de nomeamento e formalización de contrato de persoal laboral fixo do Concello de Vilasantar praza auxiliar axuda no fogar OPE 2021

2022/E005/000005
2023/G003/000047

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que a acta de valoración do proceso selectivo de data 27 de xaneiro de 2023, xunto coa resolución da Alcaldía do día 1 de febreiro de 2023, foi publicada na páxina web do concello de Vilasantar e nos taboleiros de edictos do concello de Vilasantar, dando cumprimento ao disposto nas bases que rexeron os procesos selectivos do Concello de Vilasantar para a selección de persoal laboral fixo para a oferta de emprego público do ano 2021, para a estabilización do emprego temporal a través do sistema de concurso para 1 praza de auxiliar de axuda no fogar e non se presentaron alegacións.

Visto que a candidata que obtivo a maior puntuación foi:

DNI	Nome e apelidos	praza
787****2F	M ^a Humilde Novio Tuñas	auxiliar de axuda no fogar

Visto que a aspirante con maior puntuación achegou en tempo a documentación requirida nas bases.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro.- Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local

Segundo.- Aprobar a formalización do contrato da candidata seleccionada como persoal laboral fixo do Concello de Vilasantar.

Terceiro.- Aprobar o nomeamento como persoal laboral fixo do Concello de Vilasantar a seguinte:

DNI	Nome e apelidos	Denominación da praza
787****2F	M ^a Humilde Novio Tuñas	Auxiliar de axuda no fogar



Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente, e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de edictos do Concello de Vilasantar e na páxina web municipal.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu a secretaria, María Chao Carballeira, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE